



Ruta de Mourelle a Beade polo Eifonso



VIGO
camiño a camiño

Inicio de ruta



Os autocares de Vitrasa deixannos na estrada de Bembrive, xusto no inicio do sendeiro que parte hacia o sureste pola beira do río Eifonso. Nesta ruta teremos unha boa parte ben sinalizada, polo que non ten perda ata o último tramo que precisa de máis atención. Partimos dunha cota de 120 metros e chegamos a un máximo de 479, polo que a intensidade é alta. Procurade levar botas de sendeirismo porque hai tramos con moita pendente e pedra solta. Esta é unha ruta moi recomendable para facela a un ritmo lento que nos permita disfrutar do entorno e relaxar a mente no seu percorrido. Disfrutádea e non esquezades a cámara de fotos.



Seguimos sempre as
sinalizacións do sendeiro,
que aos 300 metros do inicio
nos indican o primeiro moiño



Ao longo do camiño atoparemos
varios paneis con información
detallada. Ante calquera cruce de
camiños, seguimos sempre o sinal



Atoparemos moitos
loureiros no camiño



O seguinte moiño que
atopamos é o da Pedrosa,
onde podemos apreciar
perfectamente o rodicio



Aos 800 metros chegamos a unha subida moi empinada con escadas, que nos levará á ferverza



Na baixada á ferverza podemos ver os muiños do Buraco e do Buraguíño. Paga a pena adicarlles uns minutos



Na ferverza do Eifonso poderemos observar a vida que crea a auga ao seu paso



Deixamos atrás a ferverza e tras unha subidiña "simpática" pasamos xunto á Capela de San Cibrán



Cruzamos con cuidado a estrada e continuamos subindo por onde nos indica o sinal



Aos 1900 metros pasamos por debaixo da autoestrada



A poucos metros podemos desviarnos uns minutos do sendeiro para ver o muiño de Calderón e o serradoiro hidráulico



Continuamos o camiño e seguimos subindo cada vez máis ata chegar a un tramo de escadas onde atopamos o fin do sendeiro sinalizado. Ahí collemos á dereita por unha senda ancha, o camiño da Fraga



Tras uns minutos baixando
chegamos a unha estrada e a
collemos á esquerda uns 200
metros



E apartamos á esquerda polo
sendeiro que se nos presenta



A poucos metros seguimos
o sendeiro da esquerda, o
que se aprecia con menos
maleza



Seguimos un tramo empinado por onde baixan as bicis de montaña, ata chegar a un cruce onde colleremos á dereira polo sendeiro de Pegueño
Percorrido



Seguimos os sinais do sendeiro



Na primeira desviación seguimos pola esquerda



A poucos metros atopamos a segunda desviación, por onde seguimos á esquerda



E despois dunha subidaña " que mete medo", pasamos por detrás do campo de fútbol e imos cara ao aparcadoiro...



...onde nos esperan os autobuses de Vitrasa para levarnos de volta á Praza do Rei.

¡Esperámosvos na seguinte ruta!